

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CELEBRADA O DÍA 19 DE ABRIL DE 2012.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E CINCUENTA MINUTOS** do día **DEZANOVE DE ABRIL DE DOUS MIL DOCE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D<sup>a</sup>. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, coa asistencia dos tenentes de Alcalde **D<sup>o</sup> MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D<sup>o</sup> MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e os concelleiros **D<sup>o</sup> ANTONIO COUSO ÁLVAREZ** e **D<sup>o</sup> KLAUS BREY MONTAÑA** e da Secretaria da Corporación **CRISTINA ALONSO LOSADA**, que suscribe e da fe.

**Interventora do Concello:** Non asiste.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1<sup>o</sup>.- **DAR CONTA DECRETOS**
- 2<sup>o</sup>.- **INFORME DOS SERVIZOS TECNICOS SOBRE O " VII PROXECTO DE MODIFICACIÓN DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DO PLANEAMENTO DO TERMO MUNICIPAL DE VILA DE CRUCES "( TRAMITE DE AUDIENCIA ÓS CONCELLOS LIMÍTROFES )**
- 3<sup>o</sup>.- **PROPOSTA DA CONCELLARIA DE CULTURA, DO 18.04.12, SOBRE BOLSA OFICINA DE TURISMO.**
- 4<sup>o</sup>.- **PROPOSTA DA ALCALDIA, DO 19.04.12, SOBRE REQUERIMENTO A JOSE FERNANDEZ OCAMPO PARA REALIZACIÓN DE OBRAS NECESARIAS EN MURO.**
- 5<sup>o</sup>.- **URBANISMO**
  - **Licencia provisional de actividade de Marbelis Hernández Muiños**
  - **Licencia de actividade de Irene Colmenero Castro.**
  - **Licencia de actividade de Eladio Liñares González**
  - **Licencia de obra e provisional de actividade de Ganadería Siador S.C.**
  - **Licencia de primeira ocupación de José Mella González**
  - **Desestimación de alegación ó expediente de reposición da legalidade de José Fernández Ocampo**

- 1<sup>o</sup>.- **DAR CONTA DECRETOS.**



Pola Alcaldía dase conta ós membros da Xunta de Goberno Local dos decretos dictados a data da convocatoria desta sesión.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

2º.- **INFORME DOS SERVIZOS TECNICOS SOBRE O "VII PROXECTO DE MODIFICACIÓN DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DO PLANEAMENTO DO TERMO MUNICIPAL DE VILA DE CRUCES" (TRAMITE DE AUDIENCIA ÓS CONCELLOS LÍMITROFES)**

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda**:

Visto o escrito remitido polo Alcalde do Concello de Vila de Cruces, de data 14 de marzo de 2012 (registro de saída de Vila de Cruces nº 459 de data 15.03.12 e registro de entrada neste Concello nº 1262 de data 16.03.12) "Asunto: VII Proxecto de Modificación das Normas Subsidiarias do Planeamento do Termo Municipal de Vila de Cruces", solicitude: "Trámites de audiencia e consulta".

Visto que con data 18 de abril de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítese informe técnico sobre o "**VII Proxecto de Modificación das Normas Subsidiarias do Planeamento do Termo Municipal de Vila de Cruces**" no que se sinala:

***“1\_ FINALIDADE E ALCANCE DO INFORME***


*1.1\_ Emítese o presente informe técnico en resposta ao trámite de audiencia aos Concellos limítrofes, como parte da tramitación que promove o Concello de Vila de Cruces para a aprobación do "VII PROXECTO DE MODIFICACIÓN DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DO PLANEAMENTO DO TERMO MUNICIPAL DE VILA DE CRUCES".*

*1.2\_ Trátase dunha análise das posibles afeccións que esta modificación pode entrañar para o Concello de Silleda, para o seu desenvolvemento futuro e/ ou para a redacción futura do planeamento xeral ou de desenvolvemento deste Concello.*

***2\_ NORMATIVA DE APLICACIÓN***

*2.1\_ Decreto 19/2011 de 10 de febreiro polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio (DOG 22/02/2011)*

*2.2\_ Normas complementarias e subsidiarias de Planeamento da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. (Resolución de 14 de maio de 1991, Consellería de Ordenación de Territorio e Obras Públicas).*




- 2.3\_ *Lei 9/2002, de 30 de Decembro de Ordenación Urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Leis: 15/2004 de 29 de Decembro, Lei 6/2007 de 11 de maio, Lei 3/2008 de 23 de maio, Lei 6/2008 de 19 de xuño, Lei 18/2008 de 29 de decembro, a lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a lei 15/2010, de 28 de decembro de medidas fiscais e administrativas.*
- 2.4\_ *Lei estatal 9/2006 sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente*
- 2.5\_ *Directiva 2001/42/CE relativa a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no entorno.*
- 2.6\_ *Lei 6/2007 de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*
- 2.7\_ *Lei 6/2008 de medidas urxentes en materia de vivenda e solo.*
- 2.8\_ *Decreto 2159/1978, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento Urbanístico*
- 2.9\_ *Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística.*
- 2.10\_ *Real Decreto lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei do solo.*
- 2.11\_ *Real Decreto 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do Solo.*
- 2.12\_ *Real Decreto-ley 8/2011, de 1 de xullo, de medidas de apoio aos debedores hipotecarios, de control do gasto público e cancelación de débedas con empresas autónomas contraídas polas entidades locais, de fomento da actividade empresarial e impulso da rehabilitación e de simplificación administrativa.*
- 2.13\_ *Real Decreto de 24 de xullo de 1889, polo que se aproba o Código Civil.*
- 2.14\_ *Instrución 1/2011, de 12 de abril, para a aplicación da lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.*
- 2.15\_ *Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.*
- 2.16\_ *Concordantes.*

### **3\_ CONSIDERACIONES TÉCNICAS E URBANÍSTICAS**

*Segundo o artigo 93.4 da Lei 9/2002, a revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos elementos dos plans, proxectos, normas e ordenanzas suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación, prexuízo do disposto no artigo 62 da lei.*

*Por tanto a competencia para a formulación dos plans, e para a súa modificación puntual, ven recollido nos artigos 80 a 83 e 93 e seguintes da Lei 9/2002, e deberán ser redactados nas condicións indicadas no artigo 84 e tramitados segundo o artigo*



85.

O artigo 93 da L. 9/2002 indica que as modificacións do planeamento xeral que non impliquen nin a reclasificación de solo nin o incremento da intensidade de uso dunha zona nin alteren os sistemas xerais previstos no planeamento vixente non precisarán obter o informe previo á aprobación inicial ao que fai referencia o artigo 85.1 da lei; recollendo o artigo 94 que calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas. No artigo 85.2 da Lei 9/2002 regúlase a aprobación inicial do documento, indicando que o Concello que formulou o plan procederá á súa aprobación inicial e a continuación someterao simultaneamente ás consultas previstas no documento de referencia e o trámite de información pública, por un prazo de dous meses mediante anuncio publicado no DOG e en dous dos xornais con maior circulación na provincia. Simultaneamente e durante o mesmo prazo, dará audiencia aos concellos limítrofes.


A lei 6/2007 regula a avaliación ambiental estratéxica dos instrumentos de ordenación do territorio e do planeamento urbanístico, en aplicación da Lei estatal 9/2006 sobre a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, as modificacións introducidas pola Lei 2/2010 integrou a regulación da tramitación urbanística dos plans a súa avaliación estratéxica, substituíndo o artigo 7 da lei 6/2007. Asemade, o Texto Refundido da lei de Solo establece no seu artigo 15 os criterios básicos para efectuar a avaliación ambiental destes instrumentos. Entre os instrumentos afectados pola avaliación ambiental estarían as modificacións dos plans xerais de ordenación municipal, cando así o determine o órgano ambiental (artigo 5.e da Lei 6/2007)

Segundo a documentación da modificación puntual do Plan Xeral do Concello de Vila de Cruces, obxecto deste informe técnico, as áreas obxecto da modificación puntual son os núcleos rurais de das parroquias de Insua, Dorvisou, Xordero e Vilar e o núcleo de Duxame- San Miguel, na parroquia de Duxame, así como os ámbitos sinalados na documentación gráfica dos regos de Cubelos e San Miguel.

No escrito indicase que o órgano medioambiental consultado indicou que non era preciso o sometemento á avaliación ambiental estratéxica.

A actuación non afectaría ás determinacións para os nodos para o equilibrio do territorio (caso do Concello de Silleda), determinacións excluíntes, rerecollidas no apartado 2.3 das determinacións (4) do Decreto 19/2011 de 10 de febreiro polo que se aproban definitivamente as Directrices de Ordenación do Territorio, por non incidir sobre as infraestruturas de comunicación, nin supoñer a modificación de equipamento e dotacións que afecten a este concello, nin afectan as infraestruturas de telecomunicación, nin afectan ao deseño de iniciativas territoriais orientadas a potenciar modelos de desenvolvemento endóxico que permitan a diversificación e ampliación da base productiva.

Tampouco afectaría á articulación do sistema urbano intermedio dos sistemas de asentamento e as infraestruturas básicas (2) das Directrices de Ordenación do





*Territorio.*

#### **4\_ CONCLUSIÓNS**

*Unha vez consultada a documentación que figura no expediente e polo anteriormente exposto, salvo erro ou omisión involuntaria ou mellor interpretación da lei, e tendo en conta o carácter non vinculante deste documento, infórmase que a modificación puntual do PXOM do Concello de Vila de Cruces suporía unicamente a modificación dos núcleos rurais que se sinalan máis arriba neste documento, e emprázanse a unha distancia considerable do límite do territorio do termo municipal de Silleda; polo que esta actuación non suporía a modificación dos sistemas xerais estruturantes entre este e o Concello de Vila de Cruces nin condicionará ao Concello da Silleda na redación ou revisión de futuros planeamentos, nin afectará ás determinacións para os nodos para o equilibrio do territorio establecidas polas directrices de ordenación do territorio.”*

A Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Presta aprobación a este informe do asesor técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 18 de abril de 2012, en resposta ó trámite de audiencia e consulta do VII Proxecto de Modificación das Normas Subsidiarias do Planeamento do Termo Municipal de Vila de Cruces.

2º.- Remitir este acordo ó Concello de Vila de Cruces.

#### **3º.- PROPOSTA DA CONCELLARIA DE CULTURA, DO 18.04.12, SOBRE BOLSA OFICINA DE TURISMO.**

Vista a proposta do Concelleiro de Cultura, Educación e Turismo, Matías Rodríguez da Torre, de data 18 de abril de 2012, que se transcribe:

*“Proposta da Concellaría de Cultura para a Xunta de Goberno Local:*

*Vista a concesión de subvención para Bolsas de colaboración en oficinas de turismo da provincia de Pontevedra para o ano 2012, do Consello Reitor do Organismo Autónomo Local “Turismo Rías Baixas”, aceptada na última sesión da Xunta de Goberno Local de Silleda.*

*Vistas as Bases reguladoras para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a bolsas de colaboración para a realización de tarefas de información en oficinas de turismo da provincia de Pontevedra durante o ano 2012, publicadas no BOP de pontevedra o 25d e outubro de 2011*



### **Propón**

*A Xunta de Goberno Local a aprobación das mencionadas bases e que se inicie o proceso para elixir ao beneficiario/a desta Bolsa.*

*Silleda, 18 de abril de 2012.*

*O Concelleiro de Turismo*

*Asdo. Matías Rodríguez da Torre (Rubricado)."*

Xunto coa proposta achégase escrito do Secretario do Consello Reitor do Organismo Autónomo Local "Turismo Rías Baixas" que comunica ó Concello "Concesión de subvención para bolsas de colaboración en oficinas de turismo da provincia para o ano 2012".

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta do Concelleiro de Cultura, Educación e Turismo, de data 18.04.12, por unanimidade dos presentes acorda:** prestar aprobación as "Bases reguladoras para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a bolsas de colaboración para a realización de tarefas de información en oficinas de turismo da provincia de Pontevedra durante o ano 2012", publicadas no BOP de Pontevedra o 25 de outubro de 2011 e iniciar o proceso para elixir ao beneficiario/a desta Bolsa.

(A continuación se incorpora á sesión o concelleiro Antonio Couso Álvarez).

#### **4º.- PROPOSTA DA ALCALDIA, DO 19.04.12, SOBRE REQUERIMENTO A JOSE FERNANDEZ OCAMPO PARA REALIZACIÓN DE OBRAS NECESARIAS EN MURO.**


De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda:**

Vista a proposta da Alcaldía de data 19 de abril de 2012, no que se sinala:

"Proposta da Alcaldía á Xunta de Goberno Local:

*Vistos os escritos de Ramón Barreiro Fernández dobre a denuncia contra José Fernández Ocampo por levantamento de muro de bloque en Eirexe 2, Grava.*

*Visto o escrito solicitando licenza para reconstrución do muro, firmado por*



*José Fernández Ocampo.*

*Visto o informe da Policía Local.*

*Visto o informe técnico e xurídico nos que se conclúe que se estima necesario ordenar que se efectúen as obras pertinentes para que o peche non supere os 1,5 m de altura e presente un acabado acorde co indicado no arto 42 LOUGA.*

*Esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local e adopte o seguinte acordo.*

*- Requirir a don José Fernández Ocampo a que efectúe as obras necesarias para que o muro non supere os 1,50 m de altura e presente un acabado, acorde ao indicado no arto 42 LOUGA, no sentido de que deberá realizarse con materiais tradicionais do medio rural no se que se localice e non se permitirá o emprego de bloques de formigón ou outros materiais de fábrica, a menos que sexan revestidos ou pintados de forma regulamentaria, outorgándolle un prazo improrrogable de 10 días.*


*- Notificar o acordo, en calidade de interesado, a D. Ramón Barreiro Fernández.”*

Visto que por Juan Carlos Peteiro Rodríguez emite informe xurídico manifestado conformidade co informe do arquitecto asesor técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 11 de abril de 2012.

Visto que con data 11 de abril de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítese informe no que se sinala:

“


|                                 |                                 |   |  |
|---------------------------------|---------------------------------|---|--|
| <i>Escrito de denuncia</i>      | <b>Ramón Barreiro Fernández</b> |   |  |
| <i>Data de rexistro</i>         | <b>10/3/2010</b>                | <i>Nº</i>   | <i>Data escrito:</i> <b>10/3/2010</b>  |
|                                 | <b>28/3/2011</b>                |   | <b>24/2/2011</b>                       |
| <i>Informe Policía Local Nº</i> | <b>157/10</b>                   | <i>Axente(s)</i><br><b>TIP265002 e TIP 265008</b> | <i>Data informe:</i> <b>12/05/2010</b> |
| <i>Denunciado</i>               | <b>José Fernández Ocampo</b>    |   |  |
| <b>SOLICITUDE:</b>              |                                 |   |  |
| <i>Data de Rexistro</i>         | <b>12/03/2010</b>               |   |  |



|                             |   |
|-----------------------------|---|
| <i>Obra</i>                 | <i>Aumento de altura de muro entre os domicilios nº 1 e nº 2 de Ervixe, Grava</i>     |
| <i>Tipo de obra</i>         | <i>Menor</i>  |
| <i>Emprazamento</i>         | <i>Ervixe, nº 1, Grava</i>  |
| <i>Referencia Catastral</i> | <i>M00400200000000001QQ</i>   |
| <i>Orzamento</i>            | <i>Segundo consta na solicitude ascende a un total de 500 € (execución material).</i> |

**NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- 1.1 *TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
- 1.2 *LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- 1.3 *Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro*
- 1.4 *Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*
- 1.5 *Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.*
- 1.6 *Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002*
- 1.7 *Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.*
- 1.8 *RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- 1.9 *RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
- 1.10 *Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.*
- 1.11 *Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.*
- 1.12 *Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.*
- 1.13 *Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia*
- 1.14 *R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.*
- 1.15 *Planeamento do Concello de Silleda*
- 1.15.1 *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.*
- 1.15.2 *M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991*
- 1.15.3 *M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A.def. o 11/05/1995*
- 1.15.4 *M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A.def. o 11/05/1995*
- 1.15.5 *M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2007*
- 1.15.6 *M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). A.def. o 11/05/1995*





07/03/2002

1.15.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002

1.15.8 .P. Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981

1.15.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002

1.15.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007

1.15.11 E.D. Rua Butano. A.def. o 26/01/1984

1.15.12 E.D. Calello da Feira. A.def. o 26/01/1984

1.15.13 E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984

#### **ANTECEDENTES:**

1. O día 10 de marzo de 2010, Ramón Barreiro Fernández presenta escrito de denuncia de obras de levantamento dun muro de bloque, entre as vivendas nº 1 e nº 2 de Ervixe, Grava, a base de muro de bloque de formigón de 3 metros de alto por 8 metros de longo.

2. Nesta oficina técnica consta solicitude a nome de José Fernández Ocampo, asinada en Silleda o 12 de marzo de 2010, r.e. 1087 de 12 de marzo de 2010, na que solicita licenza municipal de obra para "restaurar un muro na miña propiedade, a situar no plano adxunto. Os materiais a empregar serán os mesmos que os orixinais". Segundo o croquis de situación que se aporta, as obras coinciden coas que son obxecto desta denuncia.


3. O día 12 de marzo de 2010, o técnico que suscribe emite informe técnico de deficiencias solicitando ao promotor fotografías do estado do muro previo a súa restauración, así como a descrición das características do mesmo (altura, lonxitude, ancho e material có que está construído). Este informe foi notificado con r.s. 716 de 27 de abril de 2010.

4. Non consta no expediente, salvo erro ou omisión involuntarios, resposta algunha a este requirimento, polo que se procedeu ao arquivo do mesmo, tal como se indicaba no informe que foi notificado.

5. O día 28 de febreiro de 2011, Ramón Barreiro Fernández presenta novo escrito de denuncia dos mesmos feitos, no que indica que as obras consisten "no levantamento nun bolo de cemento e bloque sobre outro bolo de pedra preexistente".

6. Visto Informe da Policía Local número 157/10, asinado polo(s) axente(s) nº 1, 265002 e TIP 265008 o día 12/05/2010 sobre obras executadas en Ervixe, Grava.

#### **INFORME TÉCNICO:**



7. As obras que se pretender realizar consisten, segundo se manifesta no informe da Policía Local en: Aumento de altura de muro entre os domicilios nº 1 e nº 2 de Ervixe, Grava. Segundo o mencionado informe, as obras "el muro primitivo consta de una longitud de unos 7 metros y una altura media de 1.5 metros, construido en piedra a modo de revestimiento de una pared edificada en bloque de cemento. (...) La obra que nos ocupa consiste en el aumento de altura de la pared de bloque en 60 cm. Yen toda su longitud, y en el aumento del revestimiento de piedra en 50 cm de altura, también en toda la longitud del muro"

8. Dacordo ó solicitado e segundo o establecido no artigo 195.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e posteriores modificacións, a obra solicitada considérase como MENOR.

9. O solo no que se atopa a edificación, según o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda e a Disposición Transitoria Primeira da LOUGA para o planeamento non adaptado, presenta as seguintes condicións urbanísticas:


- Clasificación do Solo: SOLO RÚSTICO

8. As obras obxecto deste informe, de cerre de parcela, **non cumpren co establecido no art. 42 da Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia**, segundo o que "- Os cerramentos e valados serán preferentemente vexetais, sen que os realizados con material opaco de fábrica excedan a altura de 1 metro, agás en parcelas edificadas, onde poderán alcanzar 1,50 metros. En todo caso, débense realizar con materiais tradicionais do medio rural no que se localicen, e non se permitirá o emprego de bloques de formigón ou outros materiais de fábrica, agás que sexan debidamente revestidos e pintados no forma que regulamentariamente se determine." Neste caso, **incumplen tanto a altura máxima do cerre como os materiais de acabado establecidos no referido artigo 42. Por tanto, as obras non son legalizables.**

**Polo tanto estímase oportuno ordenar que se efectuen as obras pertinentes para que o cerre non supere 1.50 metros de altura e presente un acabado acorde co indicado no artigo 42 mencionado."**

**A Xunta de Goberno Local**, segundo o informe do Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 11.04.12 e xúrdico de Juan Carlos Peteiro Rodríguez, **por unanimidade dos presentes acorda:**

1º.- Prestar aprobación a proposta da Alcaldía do 19 de abril de 2012 e requirir a don José Fernández Ocampo a que efectúe as obras necesarias para que o muro non supere os 1,50 m de altura e presente un acabado, acorde ao indicado no



arto 42 LOUGA, no sentido de que deberá realizarse con materiais tradicionais do medio rural no se que se localice e non se permitirá o emprego de bloques de formigón ou outros materiais de fábrica, a menos que sexan revestidos ou pintados de forma regulamentaria, outorgándolle un prazo improrrogable de 10 días.

2º- Notificar o acordo, en calidade de interesado, a D. Ramón Barreiro Fernández.

## 5º.- URBANISMO

### 5.1.- Desestimación de alegación ó expediente de reposición da legalidade de José Fernández Ocampo

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda**:

Vista a proposta da Alcaldía de data 19 de abril de 2012, no que se sinala:

“Proposta da Alcaldía para XGL:

*Visto o escrito de alegacións de data 1 de febreiro de 2012 (nº 447) suscrito por D. José Fernández Ocampo, formuladas contra o acordo de XGL de data 23/12/2011 sobre incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística por mor da realización dunhas obras sen licencia consistentes na instalación de postes de ferro con unhas cadeas, pechando o contorno da vivenda sita en Eirexe nº 1 (Grava).*

*Vistos os informes técnico e xurídico, e demais documentación obrante no expediente*

*Esta Alcaldía propón á XGL que adopte o seguinte acordo.*

*Desestimar as alegacións formuladas por D. José Fernández Ocampo, polos mesmos argumentos que constan nos informes técnico e xurídico, que non se desvirtúan co contido no escrito de alegacións, otorgándolle un prazo improrrogable de dez días para levar a efecto o contido no acordo recurrido.”*

Visto o informe técnico do arquitecto asesor do concello Lino Doporto de data 20 de decembro de 2012 (no que consta informe xurídico de conformidade co mesmo de Juan C. Peteiro), e no que se indica:




“

|                          |                       |            |                         |              |            |
|--------------------------|-----------------------|------------|-------------------------|--------------|------------|
| Informe Policía Local n° | 342/10                | Axente (s) | TIP 265005 e TIP 265006 | Data informe | 27/10/2010 |
| Denunciado               | José Fernández Ocampo |            |                         |              |            |
| Solicitud                | NON CONSTA            |            |                         |              |            |

**NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- 1.1 TRLS/2008 (RDlex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- 1.2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- 1.3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro
- 1.4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- 1.5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.
- 1.6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002
- 1.7 Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.
- 1.8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 1.9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 1.10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 1.11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 1.12 Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.
- 1.13 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia
- 1.14 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 1.15 Planeamento do Concello de Silleda
  - 1.15.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
  - 1.15.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991
  - 1.15.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A.def. o 11/05/1995
  - 1.15.4 M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A.def. o 11/05/1995
  - 1.15.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002
  - 1.15.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78) A.def. o 07/03/2002
  - 1.15.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002





- 1.15.8 .P. Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981
- 1.15.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002
- 1.15.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007
- 1.15.11 E.D. Rua Butano. A.def. o 26/01/1984
- 1.15.12 E.D. Calello da Feira. A.def. o 26/01/1984
- 1.15.13 E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. o 26/01/1984

ANTECEDENTES:

1. Visto Informe da Policía Local número 342/10, asinado polo(s) axente(s) TIP 265005 e TIP 265006 o día 27/10/2010 sobre obras executadas en Ervixe, nº 1, Grava.

2. Visto que, salvo erro ou omisión involuntaria, non consta solicitude presentada polo José Fernández Ocampo, solicitando licencia municipal de obra para Cerre na esquina de vivenda unifamiliar e cerre con cadea.

O técnico que subscribe, emite o seguinte:

INFORME TÉCNICO:

3. As obras que se pretenden realizar consisten, segundo se manifesta na solicitude en: Cerre na esquina de vivenda unifamiliar e cerre con cadea.

4. Dacordo ó solicitado e segundo o establecido no artigo 195.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e posteriores modificacións, a obra solicitada considérase como MENOR.

5. O solo no que se atopa a edificación, según o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda e a Disposición Transitoria Primeira da LOUGA para o planeamento non adaptado, presenta as seguintes condicións urbanísticas:

- Clasificación do Solo: SOLO RÚSTICO

8. As obras que se aprecian no informe da Policía Local, de cerre frontal de parcela, non cumpren có establecido no art. 99 do PXOM de Silleda para estes cerres, que establecen un recuado de 3 metros desde a aresta exterior da explanación e 6 metros desde o eixo do vial (art. 99.1.e) por tanto, as obras non son legalizables no seu emprazamento actual, salvo mellor criterio.

**Polo tanto estímase oportuna a retirada de ámbolos dous cerres."**

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do 23 de decembro de 2011:



**"6.- Expediente de reposición da legalidade. José Fernández Ocampo. (Lugar de Ervixe).**

(.....)

*No que se acorda:*

**1º Incoar a José Fernández Ocampo, como promotor , expediente de reposición da legalidade urbanística, en aplicación do regulado no artigo 210,1º e artigo 209,3º, 4º, 5º, 6º e 7º da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, pola realización destas obras sen licencia :**

*Cierre na esquina de vivenda unifamiliar e cierre con cadea , sendo executadas unhas obras consistentes en instalación de postes de ferro cunhas cadeas cerrando a contorna da vivenda sita en Eirexe nº 1 propiedade de José Fernández Ocampo.*

**2º Segundo o informe técnico do arquitecto asesor do concello Lino Doportto de data 20 de decembro de 2012 (no que consta informe xurídico ce conformidade co mesmo de Juan C. Peteiro), a trátase de obra menor, en solo rústico; e as obras non son legalizables no seu emprazamento actual ("As obras que se aprecian no informe da Policía Local , de cerre frontal de parcela , non cumpren co establecido no artigo 99 do PXOM de Silleda para estes cerres, que establecen un recuado de tres metros desde a aresta exterior da explanación e seis metros desde o eixo do vial (art. 99,d) ; ou un metro, no caso de compromiso de derribo ou tralado por conta do propietario (art. 99,1º e) , e se propón a retirada dos dous cierres.**

**Instruído o expediente de reposición de legalidade, segundo indica o artigo 209,3º da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, **darase audiencia ó interesado**, e posteriormente adoptárase o seguinte acordo , considerando segundo os devanditos informes que as obras non son legalizables : a) Se as obras non son legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico acordárase a demolición a costa do interesado e se procederá a impedir definitivamente os usos a que dera lugar.**

**Polo tanto , concédese un prazo de audiencia de quince (15) días hábiles ó interesado José Fernández Ocampo, como promotor das obras sen licencia, considerando que son ilegalizables., para que examine o expediente , efectúe as alegacións e presente a documentación que considere oportuna**

**Transcurrido dito prazo adoptárase o seguinte acordo , considerando segundo devanditos informes que as obras non son legalizables: a demolición a costa do interesado e se procederá a impedir definitivamente os usos a que dera lugar.**



*Notifíquese ó interesado e ós denunciante*s”

Visto que con data 08 de febreiro de 2012, Juan Carlos Peteiro Rodríguez emíte informe xurídico que literalmente dí:

*“Informe Xurídico*

*Asunto: Alegación a expediente de reposición de legalidade*

*Escrito de alegacións de José Fernández Ocampo (Nº 447) 1 de Feb 2012*

*O informe que acompaña ó escrito de alegacións de D. José Fernández Ocampo, suscrito polo inxenheiro agrónomo D. Carlos Couso Figueiras, non ten en conta a disposición transitoria primeira da LOUGA, segundo redacción Leu 2/2010 de 25 de Marzo, relativa ó réxime de aplicación aos municipios con planeamento non adaptado.*

*No relativo a servidumbre de paso á que se fai referencia tanto no escrito de alegacións como no informe do citado inxenheiro agrónomo, non consta aquela como carga o gravame no título de propiedade que aporta (escritura de aportación á sociedade de gananciais de data 1 de Marzo de 2011, ante o notario de Silleda Manuel Barros Gallego, con nº 254 do seu protocolo).*

*Polo exposto, para reiterar a miña conformidade co informe do arquitecto asesor do Concello, D. Lino Doporto Framil, de data 21/12/2011, salvo mellor criterio.”*

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda**:

1.- Desestimar as alegacións formuladas por D. José Fernández Ocampo, polos mesmos argumentos que constan nos informes técnico e xurídico, que non se desvirtúan co contido no escrito de alegacións, otorgándolle un prazo improrrogable de dez días para levar a efecto o contido no acordo recurrido.

2.- Notificar este acordo ós interesados.

### **5.2.- Licencia provisional de actividade de Marbelis Hernández Muíños**

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda**:

Visto o expediente instruído a instancia de D<sup>a</sup> MARBELIS HERNÁNDEZ MUIÑOS, mediante escrito de data setembro de 2011 (Rexistro de Entrada nº 4106



de data 27.09.11), solicitando Licencia de actividade de local reformado para floristería, a situar na rúa María Colmeiro nº 29 baixo (Silleda), segundo proxecto do Arquitecto Técnico Dº Luis Llorente Taboada, visado polo Colexio Oficial en data 27 de setembro de 2011.

RESULTANDO: Que con data 16 de abril de 2012, Juan Carlos Peteiro Rodríguez emite informe xurídico manifestando conformidade co informe do arquitecto asesor técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 16 de abril de 2012.


RESULTANDO: Que con data 16 de abril de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítese informe técnico favorable no que se sinala:

“

|                             |  |
|-----------------------------|--|
| <i>Solicitante</i>          | <b><i>Hernández Muiños Marbelís</i></b>                          |
| <i>Data da rexistro</i>     | <b><i>4106 N° 4106 Data escrito Septiembre 2011</i></b>          |
| <i>Obra</i>                 | <b><i>Actividade de local reformado para floristería.</i></b>    |
| <i>Tipo de obra</i>         | <b><i>Actividade</i></b>   |
| <i>Emprazamento</i>         | <b><i>r/ María Colmeiro, nº 29, baixo. Silleda</i></b>           |
| <i>Referencia Catastral</i> | <b><i>1974004NH6217S0001DZ</i></b>                               |
| <i>Autor do Proxecto</i>    | <b><i>Luis Llorente Taboada, Arquitecto Técnico col. 125</i></b> |
| <i>Proxecto</i>             | <b><i>De Actividade Visado polo Colexio Oficial</i></b>          |
| <i>Exposición pública</i>   | <b><i>BOP</i></b>  |
|                             | <b><i>DOGA</i></b>   |
|                             | <b><i>Prensa</i></b>   |
| <i>Orzamento (P.E.M.)</i>   | <b><i>Sen obra</i></b>   |

**NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- 1.1 TRLS/2008 (RD Lex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- 1.2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- 1.3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro
- 1.4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.




- 1.5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urgentes en vivenda e solo.
- 1.6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urgentes de modificación da L.9/2002
- 1.7 Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.
- 1.8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 1.9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 1.10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 1.11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 1.12 Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.
- 1.13 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia
- 1.14 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.

1.15 Planeamento do Concello de Silleda

- 1.15.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
  - 1.15.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991
  - 1.15.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A.def. o 11/05/1995
  - 1.15.4 M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A.def. o 11/05/1995
  - 1.15.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002
  - 1.15.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). A.def. o 07/03/2002
  - 1.15.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002
  - 1.15.8 .P. Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981
  - 1.15.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002
  - 1.15.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007
  - 1.15.11 E.D. Rua Butano. A.def. o 26/01/1984
  - 1.15.12 E.D. Calello da Feira. A.def. o 26/01/1984
  - 1.15.13 E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984
- 1.16 Concordantes

**ANTECEDENTES:**

1. O 27 de setembro de 2011, Marbelis Hernández Muiños solicita licenza municipal de actividade para floristería nun local acondicionado situado na rúa María Colmeiro, nº 29, baixo, de Silleda. Aporta copia de proxecto de actividade aprobado polo arquitecto técnico Luis Llorente Taboada e visado polo colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos o día 27 de setembro de 2011.



INFORME TÉCNICO:

2. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, Aprob. def. o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como Solo urbano. Edificación Cerrada.

3. A parcela conta con acceso rodado e tódolos servizos urbáns, por tanto, cumpre coa condición de soar que establece o art. 16 LOUGA.

4. O uso que se pretende, segundo se desprende na memoria, é o seguinte:

"La actividad del local es la de **floristería**.

En el presente local se realizará la creación artesanal de arte floral y venta de flores, plantas y complementos de floristería que se instala en la planta baja de un edificio de viviendas de reciente construcción. Dicho bajo ya estuvo ocupado anteriormente con una actividad similar.

5. Los productos a comercializar irán debidamente precintados y empaquetados, con lo que solo se producirán los residuos propios de la actividad."


6. Consonte ao Plan Xeral vixente, esta actividade é compatible no ámbito definido con esta ordenanza, no uso definido como **comercial**: "**ART. 118.- DEFINICION: 1.- Se define como Uso Comercial el correspondiente a edificios de servicio directo al público destinados a la compra-venta o permuta de mercancías de todas clases, incluído el almacenamiento de las mismas. (...). Este uso do solo é admitido neste ámbito segundo o PXOM vixente, segundo o art. 18 do mesmo: "Comercial: todos los grados"**.

7. Canto á tramitación ambiental, esta actividade encádrase dentro do Decreto 133/2008, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, no **Anexo III, actividades excluídas** do procedemento de avaliación ambiental, punto 3.13 "3.13. Comercio polo miúdo de sementes, flores, plantas e animais de compañía".

8. O proxecto presentado non contradí os **parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito**.

9. O proxecto presentado dá cumprimento á normativa vixente en materia de **Accesibilidade** de Galicia, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

10. O proxecto presentado dá cumprimento ao establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI**, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.





documentación gráfica do proxecto.

11. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica .

12. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, *Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, a actividade solicitada non precisa de outras autorizacións sectoriais.*

**Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística autonómica e municipal, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, de cara á concesión de licenzia municipal de obra e provisional de actividade.**

A Xunta de Goberno Local, acorda a concesión da **licenzia de obra solicitada, e a licenzia provisional de actividade**, **CONDICIONADA** esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o Arquitecto Asesor Técnico municipal, non podendo comenzoar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenzia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licenzia.


### **5.3.- Licenzia de actividade definitiva de Irene Colmenero Castro.**

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:**

Licenzia N° 4397/06. Visto o expediente instruído a instancia de D<sup>a</sup> IRENE COLMENERO CASTRO, solicitando licenzia para construción dun almacén de maquinaria e dous silos, a situar na finca número 866 do polígono 157 do plano catastral, chamada Val do Carballo, situada nas proximidades do lugar de Xubín, parroquia de Cortegada (Silleda).

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 03 de maio de 2011, acorda:

**“2.1.1.- Licenzia N° 4397/06. Visto o expediente instruído a instancia de D<sup>a</sup> IRENE COLMENERO CASTRO**, solicitando licenzia para construción dun almacén de maquinaria e dous silos, a situar na finca número 866 do polígono 157 do plano



*catastral, chamada Val do Carballo, situada nas proximidades do lugar de Xubín, parroquia de Cortegada (Silleda).*

*RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal*

*RESULTANDO: Que elevado á Dirección Xeral de Urbanismo, este Organismo, con data 28 de agosto de 2008, (Rexistro de Entrada nº 4505, de data 03 de setembro de 2008), sinalase que non se require da autorización previa deste organismo ao tratarse de instalacións das que consta (segundo a documentación achegada) recoñecemento da súa existencia no momento da entrada en vigor da LOUG, lembrándose que as ampliacións deste tipo de construcións e instalacións han de levarse a efecto no mesmo predio, sen prexuízo das demais autorizacións administrativas e informes preceptivos sectoriais.*

*RESULTANDO: Que elevado o Departamento Territorial do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, este Organismo, con data 24 de febreiro de 2010, (Rexistro de Entrada nº 924, de data 04 de marzo de 2011) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como Molesta, Insalubre e Nociva, CD. 012-42, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:*

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.*
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.*
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.*
- d) Antes da concesión da licenza deberá acreditarse estanquidade e impermeabilidade dunha fosa que recolla o lixiviado dos silos mediante certificación do técnico responsable da dirección de obras. Lébrase que ao non estar cuberta a fosa de xurro terá capacidade suficiente para que permita unha estancia do xurro en repouso de 3-4 meses unha vez cheas e antes da súa distribución, contando co volumen de auga de choiva correspondente á dos tres meses de maior pluviometría da localidade e, ou zona de ubicación da instalación caída sobre a superficie exterior de ditas instalacións. No que atinxe a sala de muxido e leiterías terase en conta o RD 1679/1994 sobre condicións sanitarias aplicables á produción e comercialización de leite, modificado polo RD 402/1996 de 1 de marzo. A utilización de esterco coma fertilizante agrícola seguirá as indicacións do Código Galego de Boas Prácticas Agrarias, respectando as distancias mínimas e as capacidades máximas permitidas por Ha segundo o "RD 261/1996 de 16 de febreiro de protección contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias", e o "RD lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas". Cumprimento da lexislación en materia de subprodutos*

de orixe animal. Cumprimento da normativa de protección de becerros.

**RESULTANDO:** Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

**CONSIDERANDO:** Que na tramitación deste expediente observáronse as prescripcions legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, **CONDICIONADA** esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala o Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial e o Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.”

Vista a Acta de comprobación para o exercicio de actividades clasificadas, de data 12 de abril de 2012, asinada polo Arquitecto Asesor Técnico Municipal, Lino Manuel Doporto Framil e o titular da actividade, Irene Colmenero Castro, que literalmente dí:

**“ACTA DE COMPROBACIÓN PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES CLASIFICADAS”**

**Actividade:** "Construcción dun almacén de maquinaria e dous silos, a situar na finca número 866 do polígono 157 do plano catastral, chamada Val do Carballo, situada nas proximidades do lugar de Xubín, parroquia de Cortegada (Silleda).”

**Calificación:** Según escrito da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente (registro de entrada no Concello nº 924 de data 04-Marzo-2011) a actividade califícase como MOLESTA INSALUBRE E NOCIVA C.D. 012.42.

**Certificación** Según CERTIFICACIÓN FINAL DE OBRA da técnica redactora do PROXECTO e directora da obra, Dona. Iria Taboada Pérez, Enxeñeiro Técnico Agrícola, de data 30-xullo-2011, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas o día 17 de Agosto



de 2011, nº 445/11 (Po), e con ENTRADA no Concello de SILLEDA:  
Data: 19-Agosto-2011.  
Núm. de rexistro: 3481

**Titular da actividade: IRENE COLMENERO CASTRO.**

No termo municipal de SILLEDA, persónanse ás 13:00 horas do día 03 de Abril do ano 2012, o Arquitecto Asesor Técnico, D. Lino Manuel Doporto Framil, atopándose na finca número 866 do polígono 157 do plano catastral, chamada Val do Carballo, situada nas proximidades do lugar de Xubín, parroquia de Cortegada (Silleda), en presenza de Dona Irene Colmenero Castro, con D.N.I. 52.483.222, e efectua a visita de comprobación demandada pola interesada en data 19-Agosto-2011 e referida á licencia municipal nº 4397/06 según COMISIÓN DE GOBERNO do día 03-maio-2011.

Procedese, en primeiro lugar, a comprobar se o emprazamento axustase ó proxecto aprobado, constando CERTIFICACIÓN DE FINALIZACIÓN DE OBRAS visado e CERTIFICADO DE ESTANQUIDADE E IMPERMEABILIDADE, asinado pola técnica Dona. Iria Taboada Pérez.

A continuación examínase si se adoptaron todas as medidas correctoras impostas na licencia e conséntanse visualmente que as medidas correctoras foron adoptadas.


De todo isto resulta que **SI** pode iniciarse a actividade de "Construcción dun almacén de maquinaria e dous silos, a situar na finca número 866 do polígono 157 do plano catastral, chamada Val do Carballo, situada nas proximidades do lugar de Xubín, parroquia de Cortegada (Silleda)."

**A Xunta de Goberno Local segundo o contido da Acta de comprobación acorda: a concesión de licencia de actividade definitiva (RAMINP) a IRENE COLMENERO CASTRO, para a actividade de construción dun almacén de maquinaria e dous silos, a situar na finca número 866 do polígono 157 do plano catastral, chamada Val do Carballo, situada nas proximidades do lugar de Xubín, parroquia de Cortegada (Silleda).**

**5.4.- Licencia de obra e provisional de actividade de Ganadería Siador S.C. - Marcelino García Villaverde.**

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda:**

Visto o expediente instruído a instancia de Dº Marcelino García Villaverde.





en representación de GANADERÍA SIADOR, S.C., mediante escrito de data 07 de outubro de 2011 (Rexistro de Entrada nº 4313 de data 07.10.11), solicitando Licencia de actividade para legalización de ampliación de instalacións en cebadeiro de porcino, a situar en Currelo - Siador (Silleda), segundo proxecto da Enxeñeira Técnica Agrícola D<sup>a</sup> Paula Medina Pérez, visado polo Colexio Oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas de A Coruña-Pontevedra nº 540/11, de 07/10/2011.


RESULTANDO: Que con data 18 de abril de 2012, Juan Carlos Peteiro Rodríguez emite informe xurídico manifestado conformidade co informe do arquitecto asesor técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 18 de abril de 2012.

RESULTANDO: Que con data 18 de abril de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítese informe técnico favorable no que se sinala:

“


|                             |   |
|-----------------------------|---|
| <i>Solicitante</i>          | <b>Marcelino García Villar, e/r GANADERÍA SIADOR, S.C.</b>  |
| <i>Data da rexistro</i>     | <b>7/10/2011</b> <i>Nº</i> <b>4313</b> <i>Data escrito</i> <b>7/10/2011</b>   |
| <i>Obra</i>                 | <b>Legalización de ampliación de instalacións en cebadeiro de porcino</b>   |
| <i>Tipo de obra</i>         | <b>Maior</b>  |
| <i>Emprazamento</i>         | <b>Currelo - Siador</b>   |
| <i>Referencia Catastral</i> | <b>36052N501002500000IH</b>   |
| <i>Autor do Proxecto</i>    | <b>Paula Medina Pérez, enxeñeira Técnico Agrícola COITAGA 1766</b>  |
| <i>Proxecto</i>             | <b>De legalización Visado polo Colexio Oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas de A Coruña- Pontevedra nº 540/11, de 7/10/2011</b> |
| <i>Exposición pública</i>   | <b>BOP</b>  |
|                             | <b>DOGA</b>   |
|                             | <b>Prensa</b>   |
| <i>Orzamento (P.E.M.)</i>   | <b>23.452,74 €</b>  |

NORMATIVA DE APLICACIÓN:



- 1.1 *TRLS/2008 (RDlex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
- 1.2 *LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- 1.3 *Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro*
- 1.4 *Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*
- 1.5 *Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.*
- 1.6 *Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002*
- 1.7 *Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.*
- 1.8 *RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- 1.9 *RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
- 1.10 *Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.*
- 1.11 *Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.*
- 1.12 *Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.*
- 1.13 *Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia*
- 1.14 *R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.*
- 1.15 *Planeamento do Concello de Silleda*
- 1.15.1 *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.*
- 1.15.2 *M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991*
- 1.15.3 *M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A.def. o 11/05/1995*
- 1.15.4 *M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A.def. o 11/05/1995*
- 1.15.5 *M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002*
- 1.15.6 *M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). A.def. o 07/03/2002*
- 1.15.7 *M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002*
- 1.15.8 *.P. Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981*
- 1.15.9 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002*
- 1.15.10 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007*
- 1.15.11 *E.D. Rua Butano. A.def. o 26/01/1984*
- 1.15.12 *E.D. Calello da Feira. A.def. o 26/01/1984*
- 1.15.13 *E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984*
- 1.16 *Concordantes*

**ANTECEDENTES:**





1. O 7 de outubro de 2011, R.E. 4313, Eduardo López Lorenzo, en representación de Ganadería Siador, S.C., presenta solicitude de legalización de ampliación de instalacións en cebadeiro de porcino. Aporta ademáis unha copia de proxecto de legalización de ampliación de nave citado máis arriba.

2. Consultado a documentación obrante neste Departamento Técnico, consta documento de recoñecemento de construcións existentes na mesma parcela, ditada ao abeiro da D.T. 11ª da Lei 9/2002 e segundo a Circular informativa 1/2003 do 31 de xullo. Neste acordo de recoñecemento, segundo acordo da xunta de goberno local de día 7 de outubro de 2004, en favor de Marcelino García Villar, recoñécese a existencia a día 1 de xaneiro de 2003, das seguintes edificacións:

2.1 Edificación destinada a **granxa**, cunha superficie construída total de **480 m<sup>2</sup>** en planta baixa.

2.2 Edificación destinada a **almacén**, cunha superficie construída total de **182,46 m<sup>2</sup>** en planta baixa.

2.3 Edificación destinada a **pozo de purín**, cunha superficie construída total de **47,99 m<sup>2</sup>** en planta baixa.

#### INFORME TÉCNICO:


3. Comparando a documentación aportada no ano 2004 para o expediente de legalización coa documentación aportada agora (plano nº 3/5, "Plano de emplazamiento de las edificaciones sobre la finca"), o pozo de purín (punto 2.3 dos antecedentes) desaparece nas novas construcións obxecto desta legalización. Si figura, en cambio, o volume de almacén (2.2), se ben agora está grafiado como "cebadero (antiguo almacén)" no plano nº 3/5. Tamén figura unha nova construción grafiada como "Fosa de purín" (grafiado no plano 3.5 como tal). Por tanto, enténdese que procederá o cambio de uso da construción orixinalmente destinada a "almacén" como novo "cebadeiro" e a fosa de xurro nova.

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, Aprob. def. o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **Solo rústico**.

5. A parcela conta con acceso rodado e tódolos servizos urbáns, por tanto, cumpre coa condición de soar que establece o art. 16 LOUGA, xustificado no punto "3.1 Justificación del acceso rodado, acometidas y servicios" da memoria técnica.

6. Segundo a disposición Transitoria Décimo primeira da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio rural de Galicia e posteriores modificacións.

(...)



2. Así mesmo, poderá permitirse, logo da obtención de licenza urbanística municipal, a ampliación das construcións destinadas á explotación ou ao apoio á actividade agropecuaria, mesmo en volume independente, cumprindo as condicións de edificación establecidas no artigo 42 desta lei e no planeamento urbanístico vixente, excepto no que se refire ás condicións de parcela mínima edificable, recuamentos, ocupación e volume máximos, distancias mínimas a vivendas e a asentamentos de poboación. (...)

En todo caso, deberá manterse o estado natural do terreo, ou con plantación de arboredo ou especies vexetais, como mínimo, nun terzo da superficie da parcela.

7. O proxecto presentado non contradi os parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito, segundo se desprende da memoria técnica presentada.

7.1 Con respecto á avaliación ambiental das obras, a xuízo do técnico que subscribe, esta actividade está exenta sa súa tramitación, posto que se engloba dentro do disposto na D.A. segunda do Decreto 133/ 2008 polo que se regula a Avaliación de Incidencia Ambiental, ao **non tratarse de "modificación sustancial"** definida no artigo 3 do mesmo decreto, casos que se recollen a continuación:

- a) Un incremento superior ao 50% da capacidade produtiva da instalación.
- b) Un incremento superior ao 50% das materias primas empregadas no proceso produtivo.
- c) Un incremento do consumo de auga ou enerxía superior ao 50%.
- d) Un incremento superior ao 25% das emisións de contaminantes atmosféricos ou a implantación de novos focos de emisión catalogados.
- e) Un incremento superior ao 50% da vertedura de augas residuais.
- f) A produción de residuos perigosos ou o incremento do 25 % do seu volume no caso de estar inicialmente previstos.
- g) O incremento nun 25% dalgún ou da suma do total de contaminantes emitidos.
- h) A incorporación ao sistema de produción ou o seu aumento por enriba do 25% de substancias perigosas, reguladas polo Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, polo que se establecen medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas.

Tal e como se constata na memoria técnica (punto 2 memoria justificativa) "Este aumento si bien significativo para la capacidad actual de la explotación, de 300 cebones, no supone siquiera un 50% de la capacidad que presenta actualmente.."

8. O proxecto presentado dá cumprimento ao establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI**, segundo se xustifica na memoria do proxecto.



9. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento dos traballos declarados polo solicitante.

10. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, puntos, a xuízo deste arquitecto, **non se precisan informes preceptivos doutros organismos nin autorizacións autonómicas.**

**Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradi a Normativa urbanística autonómica e municipal, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, de cara á concesión de licencia municipal de obra e provisional de actividade.**

A Xunta de Goberno Local, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o Arquitecto Asesor Técnico municipal, non podendo comenzar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licencia.


#### **5.5.- Licencia de actividade definitiva de Eladio Liñares González “Ganadería Liñares Zobra, S.C.”**

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:**

Licencia N° 1643/06. Visto o expediente instruído a instancia de D° Eladio Liñares González en nome e representación de “GANADERÍA LIÑARES ZOBRA, S.C.”, solicitando licencia de actividade para ampliación de explotación porcina en ciclo mixto, a situar nas proximidades do lugar de Outeiro, parroquia de Refoxos (Silleda).

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 02 de febreiro de 2009 acorda:

**“5.1.2.- Licencia N° 1643/06. Visto o expediente instruído a instancia de D° Eladio Liñares González, en representación de GANADERÍA LIÑARES ZOBRA, S.C., solicitando Licencia de actividade para ampliación de explotación porcina en ciclo mixto, a situar nas proximidades do lugar de Outeiro, parroquia de Refoxos**



(Silleda).

*RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal*


*RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 16 de xaneiro de 2009, (Rexistro de Entrada nº 507, de data 30 de xaneiro de 2009) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como Molesta, Insalubre, Nociva, CD. 012-43, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:*

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.*
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.*
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.*
- d) As fosas deberán ser estancas e impermeables e en ningún momento poderán existir vertidos directos ao medio natural. Previa á licenza de actividade aportará un certificado polo técnico responsable que acredite a estanquidade e impermeabilidade tanto das fosas. A auga de abastecemento procedente do pozo contará cun sistema de cloración permanente que garanta a potabilidade da auga de consumo, deberá iniciar o procedemento para a súa inscrición perante o organismo Augas de Galicia antes do outorgamento da licenza. Tódalas instalacións cumprirán os requisitos establecidos no RD 1135/2002, de 31 dde outubro, relativo ás normas mínimas para a protección dos porcos. Os residuos que se xeren durante a actividade, se xestionarán con xestores autorizados, coa periodicidade que requira o correcto mantemento da instalación, atendendo a súa tipoloxía. A utilización de esterco coma fertilizante agrícola seguirá as indicacións do Código Galego de Boas Prácticas Agrarias, respectando as distancias mínimas e as cantidades máximas permitidas por Ha segundo o "RD 261/1996 de 16 de febreiro de protección contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias", e o "RD legislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas".*

*RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.*

*CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.*

*Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da licenza de obra solicitada, e a licenza provisional de actividade, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comen-*





*a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licenza; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal."*

Vista a Acta de comprobación para o exercicio de actividades clasificadas, de data 12 de abril de 2012, asinada polo Arquitecto Asesor Técnico Municipal, Lino Manuel Doporto Framil e o titular da actividade, Eladio Liñares González (en representación de "GANADERÍA LIÑARES ZOBRA, S.C."), que literalmente di:

**"ACTA DE COMPROBACIÓN PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES CLASIFICADAS"**

**Actividade:** *"ampliación de explotación porcina en ciclo mixto, a situar nas proximidades do lugar de Outeiro, parroquia de Refoxos (Silleda)".*

**Calificación:** *Según escrito da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente (registro de entrada no Concello nº 507 de data 30-Xaneiro-2009) a actividade califícase como MOLESTA, INSALUBRE E NOCIVA C.D. 012.43.*


**Certificación** *Según CERTIFICACIÓN FINAL DE OBRA do técnico redactor do PROXECTO e director da obra, Don. Luis Moreira Matos, Enxeñeiro Técnico Agrícola, de data 13-Abril-2009, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas o día 16 de Abril de 2009, nº 475/09 (Po), e con ENTRADA no Concello de SILLEDA:*

*Data: 05-maio-2009.*

*Núm. de registro: 2073*

**Titular da actividade:** *ELADIO LIÑARES GONZALEZ, en representación de "Ganadería Liñares Zobra S.C."*

*No termo municipal de SILLEDA, persónanse ás 12:30 horas do día 03 de Abril do ano 2012, o Arquitecto Asesor Técnico, D. Lino Manuel Doporto Framil, atopándose nas proximidades do lugar de Outeiro, parroquia de Refoxos (Silleda), en presenza de Don Eladio Liñares González, con D.N.I. 35.224.849-G, e efectúa a visita de comprobación demandada polo interesado en data 05-maio-2009 e referida a licenza municipal nº 1643/06 según COMISIÓN DE GOBERNO do día 02-febreiro-2009.*



*Procedese, en primeiro lugar, a comprobar se o emprazamento axustase ó proxecto aprobado, constando CERTIFICACIÓN DE FINALIZACIÓN DE OBRAS e CERTIFICADO DE ESTANQUEIDADE E IMPERMEABILIDADE DA FOSA DE PURINES, asinado polo técnico Don. Luis Moreira Matos e visado.*

*A continuación examinase si se adoptaron totalas medidas correctoras impostas na licencia e constátanse visualmente que as medidas correctoras foron adoptadas.*

*De todo isto resulta que SI pode iniciarse a actividade de "Ampliación de explotación porcina en ciclo mixto, a situar nas proximidades do lugar de Outeiro, parroquia de Refoxos (Silleda)."*

**A Xunta de Goberno Local segundo o contido da Acta de comprobación acorda: a concesión de licencia de actividade definitiva (RAMINP) a GANADERÍA LIÑARES ZOBRA S.C., para a actividade de ampliación de explotación porcina en ciclo mixto, a situar nas proximidades do lugar de Outeiro, parroquia de Refoxos (Silleda).**

### **5.6.- Licencia de primeira ocupación de José Mella González**

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:**


Visto que, consta no expediente que a Xunta de Goberno Local, en sesión do 17 de setembro de 2002 acorda:

#### **"3.2.- Licencias de Obra Maior:**

*3.2.2.- A Comisión de Goberno, vistos os informes técnicos e xurídicos favorables, acorda por unanimidade:*

*1º.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, conceder a licencia que se solicita nos termos que se expresan a continuación:*

- a) *NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR: JOSÉ MELLA GONZÁLEZ, con enderezo a efectos de notificacións na parroquia de Cortegada (Silleda)*
- b) *FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ: CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO COMPOSTO DE PLANTA SÓTANO, PLANTA BAIXA E CATRO PLANTAS ALTAS PARA 12 VIVENDAS.*



- c) *SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS: Rúa E, nº 14 (Silleda).*
- d) *TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO E DIRECTOR DAS OBRAS: Arquitecto D. Antonio R. Albacete Giménez.*
- e) *CUALIFICACIÓN DO SOLO:*
  - Clasificación: Solo Urbano.*
  - Calificación: Residencial.*
  - Ordenanza/Norma de aplicación: Sección 1ª - Ordenanza EDIFICACIÓN CERRADA (EC).*
- f) *CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS: 320.771,87 €.*
- g) *CONDICIONANTES: Os definidos no proxecto técnico, e os especificados no informe do arquitecto técnico municipal, de data 09 de setembro de 2002, do que se lle dá traslado.*
- h) *PRAZOS PARA O INICIO E TERMINACIÓN DAS OBRAS: As obras deberán iniciarse dentro dos seis meses seguintes á concesión da licenza, non estar paradas polo mesmo prazo, executar o 50% da obra nos primeiros doce meses e tela rematada ós dous anos do acordo de concesión de licenza.*
- i) *OUTROS:*
  - Deberá colocar en lugar visible o cartel de obras de 1x 0,70 metros cos seguintes datos: obra a realizar, promotor, situación, arquitecto, aparelador, nº de licenza e data da licenza, e debendo cumprir coas condicións xerais e particulares establecidas na correspondente ordenanza. Nº de Licencia 1486/02*

*2º) Aprobar a liquidación de taxas e imposto sobre construcións que ascende a 21,04 e 7.217,37 € que deben ser ingresadas previamente nas arcas municipais.”*

Este acordo da Xunta de Goberno Local do 17 de setembro de 2002, foi notificado a José Mella González polo Secretario accidental o 26 de setembro de 2002 (registro de saída nº 1782, de data 26 de setembro de 2002).

Visto o escrito presentado por Don José Mella González, de data 18 de marzo de 2010, (Registro de Entrada no Concello nº 1163, de data 18 de marzo de 2010), solicitando licenza de primeira ocupación para edificio de sótano para garaxe, planta baixa, 4 plantas para 12 vivendas e aproveitamento baixo cuberta para trasteiros a situar na rúa “E” nº 14 (Silleda)

Visto que pola Alcaldía dase conta do informe técnico, de data 12 de abril de 2012, emitido polo asesor técnico Arquitecto Martín Pereiras Corzón (Nº Colexiado 4236) como asesor técnico do Concello, a petición e por encargo da alcaldía, que o considera favorable, e que literalmente dí:

Páxina 31 de 37

|                                |   |
|--------------------------------|---|
| <i>Solicitante</i>             | <b>José Mella González</b>  |
| <i>Data de rexistro</i>        | <b>18/03/10      Nº 1163      Data escrito 18/03/10</b>   |
| <i>Obra</i>                    | <b>Edificio de sótano para garaxe, planta baixa, 4 plantas para 12 vivendas e aproveitamento baixo cuberta para trasteiros.</b> |
| <i>Tipo de obra</i>            | <b>Maior</b>  |
| <i>Emprazamento</i>            | <b>Rúa "E" nº 14 - Silleda</b>  |
| <i>Referencia Catastral</i>    |   |
| <i>Autor do Proxecto</i>       | <b>Antonio R. Albacete Giménez</b>  |
| <i>Proxecto</i>                | <b>Execución. Visado polo Colexio Oficial</b>   |
| <i>Dirección de Obra</i>       | <b>Antonio R. Albacete Giménez. Arquitecto</b>  |
| <i>Oficio de Dirección</i>     | <b>Execución. Visado polo Colexio Oficial</b>   |
| <i>Dirección de Execución</i>  | <b>José Pereiras Sánchez. Arquitecto Técnico</b>  |
| <i>Oficio Direc. Execución</i> | <b>Execución. Visado polo Colexio Oficial</b>   |

**NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- 1.1 TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- 1.2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- 1.3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro
- 1.4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- 1.5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.
- 1.6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002
- 1.7 Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.
- 1.8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 1.9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 1.10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 1.11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 1.12 Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.
- 1.13 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de



*disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia  
1.14 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística  
para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.*

*1.15 Planeamento do Concello de Silleda*

*1.15.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda.  
Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.*

*1.15.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991*

*1.15.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A.def. o  
11/05/1995*

*1.15.4 M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado  
2). A.def. o 11/05/1995*

*1.15.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002*

*1.15.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). A.def. o  
07/03/2002*

*1.15.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002*

*1.15.8 .P. Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981*

*1.15.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002*

*1.15.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007*

*1.15.11 E.D. Rua Butano. A.def. o 26/01/1984*

*1.15.12 E.D. Calello da Feira. A.def. o 26/01/1984*

*1.15.13 E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984*

*1.16 Concordantes*

**ASUNTO:** *Solicitud de Licenza de Primeira Ocupación interesada por D. José  
Mella González, segundo escrito de data 18 de Marzo de 2010, Rexistro de Entrada  
Nº 1163 de 18/03/10, para o edificio de sótano para garaxe, planta baixa, 4 plantas  
para 12 vivendas e aproveitamento baixo cuberta para trasteiros sito na Rua "E" nº  
14, Silleda.*

*Emítese o presente informe en base ao artigo 195.2 e 195.6 da Lei 9/2002, do 30 de  
Decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e  
posteriores modificacións, do artigo 12.2 do Decreto 28/1999, do 21 de Xaneiro,  
polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o  
desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia; e en base ao requirido  
verbalmente e con carácter urxente polo Concelleiro de Urbanismo deste Concello.*


**INFÓRMASE:**

*1 Autor do informe:*

*Martín Pereiras Corcón. Arquitecto colegiado número 4236.*

*2 Antecedentes:*

*A Xunta de Goberno Local acordou en sesión de data 26 de Setembro de 2002,  
conceder a licenza urbanística da obra arriba indicada, en base ao Proxecto básico*



e de execución para a construción de Edificio de planta sótano para garaxe, planta baixa, 4 plantas para 12 vivendas e aproveitamento baixo cuberta para trasteiros sito na Rúa "E" nº 14, Silleda, redactado polo arquitecto Antonio R. Albacete Giménez e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en datas 03 de Outubro de 2001.

Constan no expediente relativo á concesión da licenza de obra da edificación arriba indicada, entre outra documentación, o informe técnico. Non consta o informe xurídico.

Sen prexuízo da falta de indicación expresa dos planos definitivos polos que se concedeu a licenza indicada, constan no expediente os seguintes planos:

| nº   | nome  | visado     |  |  |
|------|---|------------|--|--|
|      |   |            |  |  |
| 1    | Situación e emprazamento                            | 03.10.2001 |  |  |
| 2    | Mobiliario pranta soto e planta baixa               | 03.10.2001 |  |  |
| 3    | Mobiliario e medicións planta tipo                  | 03.10.2001 |  |  |
| 4    | Medicións planta soto e planta baixa                | 03.10.2001 |  |  |
| 5    | Medicións planta baixo cuberta e planta cuberta     | 03.10.2001 |  |  |
| 6    | Alzado frontal e posterior                          | 03.10.2001 |  |  |
| 7    | Alzado a patio 1, 2 e 3 (desenrolo)                 | 03.10.2001 |  |  |
| 8    | Sección A-A e memoria de carpintería                | 03.10.2001 |  |  |
| 8bis | Sección B-B   | 03.10.2001 |  |  |
| 9    | Planta de replanteo basamento e posta a terra       | 03.10.2001 |  |  |
| 10   | Cadro de pilares                                    | 03.10.2001 |  |  |
| 11   | Ref. forxado placa rampa de garaxe e ferralla       | 03.10.2001 |  |  |
| 12   | Ref. forxado placa teito, planta soto e ferralla    | 03.10.2001 |  |  |
| 13   | Ref. forxado placa sobre rampa de garaxe e ferralla | 03.10.2001 |  |  |
| 14   | Ref. forxado placa teito planta baixa e ferralla    | 03.10.2001 |  |  |
| 15   | Ref. forxado placa teito planta primeira e ferralla | 03.10.2001 |  |  |
| 16   | Ref. forxado placa teito planta segunda e ferralla  | 03.10.2001 |  |  |





|    |   |            |  |  |
|----|---|------------|--|--|
| 17 | Ref. forxado placa teito planta terceira e ferralla       | 03.10.2001 |  |  |
| 18 | Ref. forxado placa teito planta cuarta e ferralla         | 03.10.2001 |  |  |
| 19 | Electricidade e CPI/96 planta soto e planta baixa         | 03.10.2001 |  |  |
| 20 | Electricidade e CPI/96 planta tipo e planta baixo cuberta | 03.10.2001 |  |  |
| 21 | Fontanería planta soto e planta tipo                      | 03.10.2001 |  |  |
| 22 | Saneamento colgado teito planta soto                      | 03.10.2001 |  |  |
| 23 | Detalle sección de cerramento de fachada                  | 03.10.2001 |  |  |

Xunto co escrito de data 18 de Marzo de 2010, Rexistro de Entrada N° 1163, polo que se solicita licenza de 1ª ocupación, foi aportada a seguinte documentación:

CERTIFICADO FINAL DE OBRA

Asinado polos técnicos directores da obra (arquitecto don Antonio R. Albacete Giménez arquitecto técnico don Pereiras Sánchez) en data 12 de novembro de 2009 e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 19-Xaneiro-2010.

ACTA DE REPLANTEO E DE COMEZO DE OBRA

Asinado polos técnicos directores da obra (arquitecto don Antonio R. Albacete Giménez arquitecto técnico don Pereiras Sánchez), o constructor Pereiro y Campos. S.L. e o promotor, José Mella González en data 2 de Outubro de 2002 e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 19-Xaneiro-2010.

LIQUIDACIÓN FINAL DE OBRA EXECUTADA:


Asinado polos técnicos directores da obra (arquitecto don Antonio R. Albacete Giménez arquitecto técnico don Pereiras Sánchez) en data 12 de Novembro de 2009 e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 19-Xaneiro-2010; por un importe de **320.771,87 Euros**.

ACTA DE RECEPCIÓN DE EDIFICIO TERMINADO:

Asinado por Manuel García Lamazares como promotor; José Mella González, en representación de Pereiro y Campos S.L. como constructor do edificio; polos técnicos directores da obra (arquitecto don Antonio R. Albacete Giménez arquitecto técnico don Pereiras Sánchez); asinado polo representante da O.C.T. Santiago Rodríguez Álvarez. Datado en Silleda a de Novembro de 2009 e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 19-Xaneiro-2010.

BOLETÍNS-CERTIFICADOS ASINADOS POLOS INSTALADORES DE:

Boletín de instalación de Eléctrica realizado por Manuel Taboada Insua,



empresa instaladora eléctrica nº PO. 557, asinado o 05 de Novembro de 2010.

Boletín Instalación de Auga realizado por Ferradas Rozas S.L., Instalador de Fontanería nº Fo 095 PO, asinado o 07 de maio de 2009.

En data 4 de decembro de 2009, R.E. 5872, foi aportada a seguinte documentación:

*Certificado de cumprimento de cumprimento da Lei 7/1997 de Protección contra a contaminación acústica de Galicia e Disposicións regulamentarias de desenvolvemento.*

### **3 Consideracións técnicas:**

*Ao abeiro do artigo 195.6: "Para outorga-la licenzia de primeira ocupación de edificacións esixírase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenzia outorgada e a previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais."*

*Por outra parte, segundo o artigo 5 da Lei 7/97, de Protección de contra a contaminación acústica de Galicia e Disposicións regulamentarias de desenvolvemento: A partir da presentación do correspondente certificado de fin de obra, o Concello comprobará o cumprimento das prescricións establecidas neste título. Tal cumprimento poderá acreditarse mediante certificación expedida por empresas ou entidades homologadas. Sen o informe favorable sobre o cumprimento dos requisitos acústicos esixidos non se concederá a licenzia de primeira utilización.*

#### **a) Documentación aportada**

*Consta no expediente o certificado final de obra suscrito polos técnicos directores da mesma, documento aportado en data 12 de Novembro de 2009, visado polo C.O.A.G. en data 19 de Xaneiro de 2009, polo tanto, a edificación obxecto deste informe estaría rematada.*

#### **b) Proxecto técnico obxecto da licenzia urbanística de construción de data 26/09/2002:**

*Á vista do exposto no apartado anterior, o técnico que suscribe estima que podería outorgarse a licenzia de 1º ocupación do edificio, basándose no certificado final de obra suscrito polos técnicos da mesma e unha vez realizada e contrastada a visita de comprobación.*

### **4 Visita de comprobación:**

*En base a visita de comprobación realizada o xoves 29 de Marzo de 2010 constatouse que a presente obra axustase a documentación presentada polos técnicos, como se pode observar na reportaxe fotográfica presentada como anexo a este informe.*

### **5 Conclusións:**



*En Silleda, a 12 de abril de 2012.”*

A Xunta de Goberno Local de conformidade co informe técnico, por unanimidade dos presentes, acorda:

**PRIMEIRO.** Conceder a licenza de primeira ocupación do edificio sito na rúa “E” nº 14 (Silleda) que consta de sótano para garaxe, planta baixa, 4 plantas para 12 vivendas e aproveitamento baixo cuberta para trasteiros. a favor de José Mella González.

**SEGUNDO.** Que por intervención se proceda a liquidación definitiva da taxa por tramitación de licencias, practicada conforme á Ordenanza Reguladora da Taxa por Outorgamento de Licencia de Primeira Ocupación de Edificios, que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais.

**TERCEIRO.** Notificar a presente resolución ó interesado.

---

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión as catorce horas e vinte minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretaria xeral, dou fe e certifico.

Silleda, a 19 de abril de 2012.

Vº e Prace  
A ALCALDESA,

Asdo. Paula Fernández Pena

Dou fe. A secretaria xeral

Asdo. Cristina Alonso Losada

